

8 PROPOSTAS PARA DEFENDER O DEREITO A MIGRAR

SINDICALISMO EN ACCIÓN

1.- REFLECTIR QUE A MIGRACIÓN É UNHA REALIDADE E UN DEREITO NA NOSA SOCIEDADE

O ordenamento xurídico a diferentes niveis recoñece o dereito a migrar das persoas e poder realizalo con garantías é fundamental. Por iso, é clave que os servizos públicos asuman a responsabilidade de reflectir que a migración é unha realidade ao longo da historia e o presente da nosa sociedade. Sendo importante garantir unha representación positiva en todos os ámbitos, de modo que se facilite o exercicio efectivo dos dereitos.

2.- SER UN REFERENTE EN ERRADICAR O RACISMO E A XENOFOBIA.

Desde o conxunto dos servizos públicos, non unicamente desde os servizos especializados para tal fin, débese ser un referente en erradicar da sociedade os actos motivados polo racismo e a xenofobia, traballando de forma activa na prevención así como na atención ás vítimas das ditas prácticas discriminatorias.

3.- GARANTIR Á POBOACIÓN MIGRANTE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES EN TODOS OS ÁMBITOS DOS SERVIZOS PÚBLICOS MEDIANTE RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS.

Os datos sinalan que en diferentes ámbitos ás persoas migrantes se lles está vulnerando dereitos e oportunidades, de modo que é importante apostar por políticas públicas que atendan esta realidade mediante a dotación orzamentaria adecuada, así como a planificación, cronograma e avaliación das medias adoptadas e do impacto e as súas respectivas melloras.

4.- FACILITAR PROGRAMAS DE FORMACIÓN SOBRE A REALIDADE DAS PERSOAS MIGRANTES E PREVENCIÓN DO RACISMO.

É necesario o impulso de programas de formación e capacitación ás empregadas e empregados públicos sobre diversidade cultural, racismo e discriminación, e facilitar o desenvolvemento de procesos reflexivos, de intercambio de modo que se fortaleza o seu compromiso co avance cara a unha intervención con perspectiva antirracista.

5.- FOMENTAR A INVESTIGACIÓN E O DIAGNÓSTICO DAS CONSECUCIÓNS PERSOAIS E GRUPAIS, SOCIAIS, E ECONÓMICAS QUE O RACISMO E A DISCRIMINACIÓN TEN.

É importante reforzar institucións que teñen por función observar o cumprimento de dereitos e prevención de realidades como o racismo e a xenofobia coa finalidade de servir como plataforma de coñecemento, encontro para a colaboración, análise e impulso do traballo desde as administracións públicas para combater a discriminación en todas as súas manifestacións.

6.- SENSIBILIZAR E CREAR CONTRA NARRATIVAS AO DISCURSO DE ODIIO.

Desde os Servizos de empregados e empregadas públicos debemos manter unha contra narrativa constante ao discurso de odio, poñendo en valor os dereitos, a diversidade, a igualdade e a responsabilidade no coidado mutuo. Non basta con desmontar os bulos e o discurso racista, é necesario desenvolver estratexias anti manipulación e de desenvolvemento do pensamento crítico na cidadanía, especialmente, no ámbito da educación formal e non formal.

7.-IMPLEMENTAR MECANISMOS DE DENUNCIA ANTE SITUACIÓNS OU DELITOS DISCRIMINATORIOS.

É responsabilidade dos servizos públicos, a través dos seus mecanismos de control adecuados deseñar e implementar mecanismos de denuncia ante tratos discriminatorios mediante o establecemento de protocolos de atención e actuación.

8.- FORTALECER EXPERIENCIAS DE PARTICIPACIÓN E EMPODERAMENTO.

É importante, fortalecer experiencias de participación e empoderamento con colectivos potencialmente vítimas de procesos de discriminación para garantir información adecuada sobre os seus dereitos e os mecanismos tanto para o seu exercicio como para a súa defensa.

